

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2021 pola que se amplían e redistribúen os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 28 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria para o ano 2021 (código de procedemento IN421L).

Mediante a Resolución do 28 de decembro de 2020, que foi publicada no DOG número 8, do 14 de xaneiro de 2021, establecéronse as bases reguladoras e anunciouse a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria para o ano 2021.

Tal e como consta na parte expositiva da citada resolución, o financiamento desta convocatoria faise con cargo aos orzamentos do Inega para o ano 2021.

O artigo 3.1 das bases reguladoras prevé a posibilidade de que o crédito máximo recollido neste artigo poida ser redistribuído se nalgunha das epígrafes non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles, e noutra das epígrafes existe listaxe de espera.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, nalgunha das epígrafes o número de solicitantes é inferior ao esperado, mentres que noutros o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, polo que cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintas epígrafes e ampliar o crédito orzamentario para, así, poder atender un maior número de solicitudes.

O artigo 3.1 das bases reguladoras relativo ao financiamento prevé unha dotación inicial de 2.500.000,00 € e no punto segundo dese mesmo artigo establécese a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.



O artigo 31 do Decreto 11/2009 establece que cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos maximizando o impulso de proxectos de aforro e eficiencia enerxética,

RESOLVO:

Primeiro. Ampliar a dotación de fondos inicialmente prevista nesta convocatoria na contía de 1.227.000,00 €, polo que o importe total asignado para estas axudas tras esta ampliación ascende a 3.727.000,00 €.

Segundo. Ampliados os fondos destinados ás subvencións para proxectos de equipamentos de aproveitamento de enerxías renovables e de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria, estes redistribúense en función do volume de solicitudes modificando a táboa do artigo 3.1 da Resolución do 28 de decembro de 2020 do seguinte xeito:

Distribución por liña de axuda	Aplicación orzamentaria	Dotación orzamentaria inicial (€)	Modificacións (€)	Dotación orzamentaria final (€)
RT-Proxectos de enerxías renovables térmicas	06.A3.733A.770.1	500.000,00	-92.000,00	408.000,00
RE-Proxectos de enerxías renovables eléctricas	06.A3.733A.770.1	1.500.000,00	1.717.000,00	3.217.000,00
PAE-Proxectos de aforro e eficiencia enerxética	06.A3.733A.770.0	500.000,00	-398.000,00	102.000,00
Total		2.500.000,00	1.227.000,00	3.727.000,00

Terceiro. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará a apertura de novo prazo para presentar solicitudes.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021

Paula María Uría Traba
Directora da Axencia Instituto Enerxético de Galicia

